cREAgal

Rúbrica do reto (versión docente)

Ítem	4	3	2	1
Trazados xeométricos básicos e as súas aplicacións.	Recoñece e escolle os trazados xeométricos básicos, logo de experimentar con eles, para ser quen de comunicar ideas requiridas, desenvolvendo certa reflexión crítica. Emprega con dominio e precisión escuadro, cartabón e compás sen precisar axuda. Recoñece as particularidades das distintas técnicas de trazado de formas xeométricas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	Recoñece e escolle os trazados xeométricos básicos despois de experimentar con eles, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. Emprega con dominio e precisión escuadro, cartabón e compás, aínda que precise axuda nalgunha ocasión. Recoñece minimamente as particularidades das distintas técnicas de trazado de formas xeométricas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	Precisa axuda para elixir as técnicas secas necesarias, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos. Non emprega de xeito autónomo escuadro, cartabón e compás, precisando axuda para traballar. Non recoñece de xeito autónomo as particularidades das distintas técnicas de trazado de formas xeométricas.	Non escolle as técnicas secas necesarias, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos. Non emprega escuadro, cartabón e compás. Non recoñece as particularidades das distintas técnicas de trazado de formas xeométricas.
Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	Experimenta co sistema diédrico de representación na xeración de producións propias e orixinais. Representa perfectamente as vistas diédricas dun obxecto, cos materiais, soportes e ferramentas axeitadas.	Experimenta co sistema diédrico de representación na xeración de producións propias. Representa adecuadamente as vistas diédricas dun obxecto, empregando cos materiais, soportes e ferramentas axeitados.	Precisa axuda ao empregar o sistema diédrico de representación na xeración de producións propias. Representa con dificultade as vistas diédricas dun obxecto, empregando cos materiais, soportes e ferramentas axeitados.	Non emprega o sistema diédrico de representación na xeración de producións propias. Non pode representar as vistas diédricas dun obxecto.
Aprendizaxe do *packaging*.	Recoñece e identifica á perfección a linguaxe, técnicas e formatos empregados no *packaging*. Introduce elementos de creación propia relevantes e orixinais na produción de embalaxes de obxectos concretos. É creativo no uso das diferentes técnicas e formatos propios do *packaging*.	Recoñece e identifica sen moita dificultade a linguaxe, técnicas e formatos empregados no *packaging*. Introduce algúns elementos de creación propia relevantes e orixinais na produción de embalaxes de obxectos concretos. Ás veces é creativo no uso das diferentes técnicas e formatos propios do *packaging*.	Recoñece e identifica con dificultade a linguaxe, técnicas e formatos empregados no *packaging*. Apenas introduce elementos de creación propia relevantes e orixinais na produción de embalaxes de obxectos concretos. Cústalle empregar as diferentes técnicas e formatos propios do *packaging*.	Non recoñece nin identifica a linguaxe, técnicas e formatos empregados polo *packaging*. Non introduce elementos de creación propia relevantes e orixinais na produción de embalaxes de obxectos concretos. Non emprega as diferentes técnicas e formatos propios do *packaging*.
Execución das embalaxes.	Realiza e executa o proxecto de *packaging*, coa escala apropiada, adaptado ao obxecto escollido. O proxecto logra mellorar a presentación e transporte do produto, achegando unha reflexión crítica do uso do *packaging*, respectando o medio ambiente e poñendo en valor a produción local.	Realiza e executa o proxecto de *packaging*, coa escala apropiada, adaptado ao espazo escollido. O proxecto logra mellorar algún aspecto do produto e mellorar a súa presentación e transporte.	Realiza e executa o proxecto empregando a linguaxe e técnicas do *packaging*, mais non adaptado ao obxecto escollido. O proxecto non logra mellorar a presentación e transporte do produto.	Non logra realizar e executar o proxecto, ou non emprega a linguaxe e técnicas do *packaging*. O proxecto empeora a presentación e transporte do produto.
Contido: patrón organizativo e deseño	Realiza unha análise crítica e ética da temática, expondo os conceptos e ideas clave con claridade, ben organizada e estruturada e cunha redacción correcta que facilita a comprensión. Presenta algunha mellora das propostas.	Realiza unha análise crítica da temática, expoñendo os conceptos e ideas clave, organizada e cunha redacción correcta que facilita a comprensión.	O contido é xenérico, con baixo grao de análise crítica e ética da temática. Faltan ideas clave. O grao de organización é baixo. Presenta erros ortográficos.	O contido está incompleto, ausencia de análise crítica e ética da temática. Faltan ideas clave. O grao de organización é baixo, con erros na redacción que dificultan a comprensión.

"Rúbrica do reto", do proxecto *cREAgal*, publicada baixo a licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0